



Rosalía de Castro e os lugares de
Cantares gallegos

Lucía García Vega

Prólogo de Marina Mayoral Díaz

*Hay lugares de excelente silencio,
el cual no es nunca un silencio absoluto.*

José Ortega y Gasset

*Al viajero que ha visto de cerca lo que
atormenta o degrada la naturaleza humana,
le toca hacer llegar las quejas del infortunio
a los que pueden aliviarlo.*

Alexander von Humboldt

Primeira edición: xaneiro, 2014

© da autora: Lucía García Vega

Maquetación: Ramón Pais Martínez

© da edición

Edicións do Cumio, S. A.

Pol. ind. A Reigosa, parcela 19 - 36827 Ponte Caldelas, Pontevedra

Tel.: 986 761 045

cumio@cumio.com / www.cumio.com

© Reservados todos os dereitos

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública
ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos
titulares, agás excepción prevista pola lei.

Dirixanse a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se
precisan fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.
conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 47).

ISBN: 978-84-8289-473-7

Impresión: Global Mail & Print

Depósito legal: VG 19-2014

Impreso en Galicia

*Siguen, últimamente, los kallaikoí,
que habitan en gran parte las montañas.
Por haber sido difíciles de vencer,
dieron su nombre al vencedor de los lysitanoí,
y hoy la mayoría de los lysitanoí se llaman kallaikoí.*

Estrabón

*Toda nación civilizada que desee la prosperidad de su país,
debe indispensablemente tener a la vista un diseño exacto
de este,
y la descripción geométrica de las operaciones
y métodos que han servido para formarlo.*

Domingo Fontán

A miña nai

AGRADECEMENTOS

En primeiro lugar, quixera agradecerlle á Edicións do Cumio a confianza depositada neste proxecto e mais en min, en particular, a Cándido Meixide.

Seguidamente quixera mostrar a miña gratitude a Marina Mayoral, escritora, investigadora e catedrática da Universidade Complutense, por escribir o prólogo deste libro. Como ninguén ignora, desde 1974, as súas contribucións (ensaos, edicións críticas, artigos especializados, comunicacións en congresos, conferencias, etcétera) aos estudos sobre Rosalía de Castro son materiais de consulta indispensables para o investigador. É, por tanto, un prezado regalo contar con ela académica e persoalmente.

Así mesmo aproveito esta ocasión para facer público o meu agradecemento ao Departamento de Filoloxía Románica, Eslava e Lingüística Xeral da Universidade Complutense por permitir a lectura e a defensa da miña tese de doutoramento –*Os lugares na vida e na obra de Rosalía de Castro: análise literaria* (xaneiro, 2010)– en Madrid e en lingua galega, converténdose no primeiro acto académico desta natureza neste lugar no que se empregou dita lingua. E quixera agradecerllo especialmente á profesora Carmen Mejía Ruiz, xa que de non ser pola implicación e actuación dela, a súa lectura e defensa xamais se tería realizado. Moitas grazas a todos por crer en min, pola vosa humanidade e pola vosa axuda desinteresada.

Tamén quixera lembrarme dos que comparten a vida comigo, pois sempre confiaron no éxito deste traballo. Grazas, Lucía, María Rocío e Óscar, porque sen vós, moi seguramente este libro non existiría.

Quixera expresar igualmente a miña gratitude a todas aquelas boas persoas que me teñen axudado solidaria e agarimosamente, sobre todo, cando resulta máis incómodo facelo, é dicir, nos momentos difíciles. Ao ler isto, xa sabrán quen son.

E, por suposto, grazas a vostede, lector, por elixir esta obra.

PRÓLOGO

Lendo o traballo de Lucía García Vega, *Rosalía de Castro e os lugares de Cantares gallegos*, acordeime do que me dixo hai anos don Gregorio Salvador durante un congreso sobre León Felipe. Eu viña de rematar o meu comentario a un breve poema, e el díxome: “Verdaderamente le sacas zumo a un ladrillo”. Nunca antes oíra eu tal dito, e, aínda que se podía entender que sacaba do texto o que non había nel, polo ton admirativo con que o dixo entendín que era un eloxio e que quería dicir que lle sacaba ao texto todo o contido que nel había. É neste sentido no que o traballo de Lucía García Vega me trouxo á memoria esa anécdota. Verdadeiramente, a autora saca á luz todo o contido que encerran os topónimos que aparecen en *Cantares gallegos*, contribuíndo decisivamente a un mellor entendemento do libro.

A Galicia que aparece en *Cantares gallegos* non é unha entidade abstracta, non é só un ente histórico sobre o que se proxectan determinadas reivindicacións, senón unha terra concreta, viva e vivida, da que Rosalía canta as belezas ao tempo que denuncia as inxustizas que contra ela se cometen, tanto pola incuria dun goberno centralista coma pola ignorancia dos restantes pobos da Península. Esa Galicia rosaliana está feita de pequenas teselas que, xuntas, compoñen un gran mosaico, ou, se prefiren, de pinceladas que compoñen un gran fresco. Lucía García Vega vai estudando un por un eses lugares, situándoos xeograficamente e desentrañando con intelixencia e sensibilidade a relación que gardan coa biografía da autora e coa súa visión do mundo.

Paréceme moi atinada a estimación que fai García Vega sobre o galeguismo de Rosalía, deixando claro que non hai unha postura antiespañola, senón denuncia de inxustizas:

Opinamos que o feito de manter unha actitude *progalega* non vai parello a manifestar unha postura *anticastelá* ou *antiespañola*. De fixármonos nos que, seguramente, sexan os versos máis polémicos neste dominio, os de “A gaita gallega”, onde unha Rosalía doente expresa a súa indignación, chegando a dicir que “Pobre Galicia, non debes / chamarte nunca española,” cumpriria ter en conta que este enfado pola situación dos galegos estaría a traspasar fronteiras, non dubidando en aplicar a América unha adxectivación pexorativa e usando unha sintaxe incómoda de ler por aqueles aludidos — “[...] os fillos das nosas costas / con rumbo a América infanda / que a morte co pan lles dona”—, mais non por iso sería aconsellable definir a Rosalía como *antiamericana*.

No prólogo a *Cantares gallegos* Rosalía deixou claras as súas intencións reivindicativas: quería “cantar as belezas da nosa terra (...), dar a conocer como algunhas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e como o noso dialecto doce e sonoro é tan apropiado como o primeiro para toda clase de versificación”.

Non cabe dúbida de que cos *Cantares gallegos* Rosalía devolveu ao galego a categoría de lingua poética e de cultura que perderá ao longo dos séculos, poñendo de novo a nosa lingua na órbita da literatura universal. Neste punto cumpriuse o seu propósito. Tamén no que hai de denuncia dos malos tratos recibidos polos galegos. Poemas como “Castellanos de Castilla” seguirán vixentes mentres en calquera lugar do mundo alguén teña que saír da súa terra para ir gañar o pan a terra allea.

No que se refire a cantar as belezas de Galicia non estou tan segura como García Vega de que Rosalía conseguirá o seu propósito:

Partindo da idea común e estendida que se ten do espazo galego, a creadora de *Cantares gallegos* tería conseguido establecer un figurado proceso *desconstrutivo*, a través do que se poderían eliminar aqueles prexuízos en torno a Galicia e aos galegos. Para semellante fin fariase necesaria unha busca de elementos cos que potenciar o territorio xeográfico propio. Entón resultaría que a poeta lograría reconducir literariamente o lugar Galicia ata presentalo como *locus amoenus*, un mérito innegable que é vantaxoso ter presente nunha análise do uso de determinados espazos xeográficos na obra referida.

Do que estou segura é de que tras ler este traballo, nomes como o do cemiterio de Adina, a finca de Arretén, as campás de Bastabales ou de Pomar acadan o seu completo significado no poema. Felicitémonos, pois, por esta nova contribución aos estudos rosalianos e felicitemos á autora, desexando que siga adiante por este camiño.

MARINA MAYORAL DÍAZ
Catedrática de Literatura Española
(Universidade Complutense),
escritora, articulista e investigadora.

INTRODUCCIÓN

Vigo. Este é o primeiro lugar no que a mirada xeográfica do lector coidadoso se detén, de soste nas súas mans un exemplar da primeira edición de *Cantares gallegos*. Hai agora cento cincuenta anos, esta obra poética saía dos talleres tipográficos que o editor compostelán Xoán Compañel (1829-1897) tiña na rúa Real desta cidade¹. Na actualidade existe alí unha placa que recorda o seguinte:

No ano 1863 imprimiuse / por primeira vez o libro / Cantares gallegos de / Rosalía de Castro / nos talleres de Juan Compañel / instalados nesta casa / Vigo 1985 primeiro centenario / do pasamento da ilustre escritora.

Ao unísono, a cidade de Santiago de Compostela convértese nun espazo de referencia obrigada no contexto hermenéutico da forxa da obra. A súa autora, Rosalía de Castro (1837-1885), vivía nela, cando firmou a dedicatoria do libro o 17 de maio de 1863, por certo, escrita en lingua castelá e non en lingua galega, como o máis si o está.

Naquela ocasión, a escritora e a súa primoxénita, Alejandra, nacida precisamente en Santiago de Compostela no ano 1859, habitaban unha vivenda do número 7 da antiga rúa do Mercado

(1) Non se ten dado unha solución unánime á cuestión da vivenda. Así, o número 12, por exemplo, para Bouza-Brey (1963), Álvarez Blázquez (1980) ou Vázquez Rey (1995), e o número 14 para Odriozola (1980).

Vello –hoxe, praza da Universidade–. Desde non hai moito, a fachada de pedra desta casa exhibe un recordatorio deste feito:

Esta casa da Praza da Universidade, antes do / Mercado Vello, acolleu entre 1863 e 1865 a Rosalía / de Castro e Manuel Murguía. / A Universidade de Santiago de Compostela, no 40 aniversario da fundación / do Instituto da Lingua Galega, honra os ilustres moradores da súa sede e o seu amigo propietario / o historiador e novelista Antonio López Ferreiro. / Santiago de Compostela, 14 de maio de 2011.

O nome de lugar consecutivo que aparece diante nosa é Galicia, algo que non debería sorprender, posto que no título mesmo da obra se rexistra o seu xentilicio. O alcance que ten este topónimo tampouco é inesperado. En efecto, non só a un nivel de análise cualitativa, senón tamén nun estrato de cuantificación, Galicia é o celme na xeneralidade dos lugares explícitos de *Cantares gallegos*.

A egrexía poeta, moi avanzada para a súa época, parece ser que viu na xeografía circundante un motivo literario por medio do que denunciar o trato inxusto que padecía a súa terra natal. De feito, ao dedicarlle o libro á tamén escritora Fernán Caballero, é dicir, Cecilia Böhl de Faber (1796-1877), xustificaba a súa determinación de brindarlle os *Cantares gallegos* “por haberse apartado algún tanto, en las cortas páginas en que se ocupó de Galicia, de las vulgares preocupaciones con que se pretende manchar mi país”.

Tamén opinamos que, aínda que Rosalía non o revele de xeito expreso, algo tería que ver o acontecemento de que Fernán Caballero se preocupara de dar a coñecer unha parte importante da tradición popular andaluza, principalmente, coa obra *Cuentos y poesías populares andaluzas* (1859). En verdade, a escritora suíza iniciaba o seu prefacio queixán-

dose da falta de consideración polo propio que había, polo común, en España:

En todos los países cultos se ha apreciado y conservado cuidadosamente no solo los cantos, sino los cuentos, consejas, leyendas y tradiciones populares é infantiles. [...] La mina de que hemos sacado estos preciosos materiales no es la única que existe; cada Provincia, cada Pueblo, cada Aldea, tiene la suya, que empiezan por fin á esplotarse. ¡Con qué buen tino y éxito ha dado á luz el Sr. D. José María Goizueta las tradiciones y cantos Vascongados! ¡Qué pequeña obra maestra nos ha proporcionado el eminente literato D. Agustín Duran en su tan magistralmente versificado cuento de *Las Tres Toronjas*! ¡Qué joyas esparce Trueba, sacadas de esa mina, puliéndolas con su bella, benévola y simpática facultad poética! (Caballero 1859: XI-XII)

As reclamacións de ambas escritoras son similares, ben no territorio andaluz, ben en Galicia, ao tempo que semella existir unha arela común por darlle cadansúa carta de cidadanía á literatura popular.

A maiores, no proceso de xestación dos *Cantares gallegos*, parece inequívoca e determinante a influencia exercida por Manuel Murguía (1833-1923), quen, xa uns meses antes de casarse con Rosalía, facía público o seu interese pola lírica popular:

Los cantares se agolpan á nuestra memoria, pero todos ellos traen ese sello de dulzura y ternera que distingue los de aquellas poéticas comarcas. ¿Cómo no ser así?... la mujer allí, es la que compone en las largas veladas, mientras se dedica á las faenas domésticas, cuando á la hora de anoecer, se retira á su choza solitaria, cantando por aquellos senderos cubiertos de hojas y de silencio, mientras las sombras envuelven el valle y van ganando las cumbres que

apenas tiñe el sol con su última luz; la mujer es, repetimos, la que compone y canta esos sencillos versos, que se pierden como flores silvestres, en medio de aquellas soledades, en donde nacen, dan su perfume, y mueren ignorados. (Murguía 1858)

Deixando á marxe estas puntualizacións dos influxos presumibles nela, é comunmente aceptado atribuírllle a Rosalía o mérito da recuperación do uso do galego na literatura tras séculos de escasa ou nula actividade. Pero, igualmente, resulta innegable que outro grande acerto propulsor do Rexurdimento galego foi o manexo continuo da xeografía propia que hai en *Cantares gallegos*.

O porqué do noso enunciado anterior semella nidío, de argumentarmos ao respecto que os espazos referenciais do texto posibilitan que Galicia sexa vista como tal non só polos galegos, senón tamén polos habitantes doutros lados. A máis, esta visibilidade favorecería a percepción de Galicia no significado preciso da palabra, ou mesmo dá, saber da súa existencia por medio dos sentidos, da intelixencia ou da conciencia.

Noutro orden de cousas, hai que ter en conta que a escritora estivo influenciada necesariamente polo movemento provincialista. Mais, ao ler a obra en base ao uso dalgúns topónimos, sería máis propicio intuila nunha posición abondo adiantada; na heterodoxia da práctica, afin ao rexionalismo, mentres que, na ortodoxia da teoría, nun estadio anterior ao galeguismo².

Efectivamente, ela, herdeira dalgúns dos presupostos provincialistas, acaso concibiría o concepto xeográfico de Galicia como o resultado da unión das provincias que a forman, dando lugar a unha única provincia, polo tanto, nunha percepción

(2) Este termo utilízase desde a constitución da primeira Irmandade da Fala, en 1916, na Coruña. Por tanto, caeríamos nun anacronismo, de empregarmos dita voz nese momento.

territorial bastante achegada ao que fora o antigo Reino de Galicia³.

Simultaneamente, a ilustre escritora, tal e como promoveu o galeguismo posterior a ela, tería por obxectivo primordial, entre outras cousas, a conservación da cultura e da identidade galegas en todas cantas manifestacións posibles existen, a través da defensa, da dignificación e da promoción de Galicia.

En resumidas contas, semella que loitar literariamente por unha representación mental de Galicia en base a criterios de xustiza e autenticidade, como fai Rosalía, sería equivalente a pugnar pola súa interpretación e, sobre todo, pola súa descrición. Por esta razón, o seu concepto de Galicia revelaría un transparente sentido de lugar, que podemos interpretar como a (re)creación simbólica dun espazo propio ante outros.

Nota sobre edición

Rosalía de Castro viu en vida as dúas primeiras edicións de *Cantares gallegos*. Á edición príncipe de 1863 seguiuille outra ampliada en 1872, publicada na Librería de Leocadio López, en Madrid.

Nós empregamos a edición de 1872, xa que foi o último texto vinculado en vida á responsabilidade literaria da escritora.

Ao longo deste libro, utilizamos para as citas a edición de Marina Mayoral das *Obras completas de Rosalía de Castro*, Turner (Biblioteca Castro), 1993, t. I.

(3) As provincias que o formaban eran Santiago, A Coruña, Betanzos, Lugo, Ourense, Mondoñedo e Tui. Nos comezos do reinado de Isabel II, baixo a rexencia de María Cristina de Borbón, faise unha nova división territorial, en concreto, en 1833, quedando Lugo, Pontevedra, A Coruña e Ourense como as provincias de Galicia.

CAPÍTULO 1

OS LUGARES DO PRÓLOGO

Primeiramente, o limiar de *Cantares gallegos* válelle a Rosalía para facer participe ao lector das súas intencións e dos factores determinantes para acometer a súa iniciativa. E consígueo, ao guialo pola travesía da argumentación convincente.

Trátase dun espazo do libro no que a xeografía, en xeral, desenvolve un papel de moita transcendencia. De maneira que, aquí, é onde a autora traza algunhas das liñas substanciais da conxuntura inherente a ela, despexando o camiño para ter unha visión desabafada dos panoramas histórico, social, político, cultural e económico nos que se inscribe a vida do país galego cara á segunda metade do século dezanove.

Con todo, non representa unha tarefa complicada en exceso enxergar e, até, comprender o proceso de selección e utilización de determinadas referencias xeográficas. Un bo exemplo disto sería o uso de topónimos concretos que admiten, mormente, a retroacción, xa que logo, terían idéntica validez desde un tempo anterior ao da súa aparición en *Cantares gallegos*. Desde esta óptica, a autora estaría recorrendo ao seu pasado inmediato para, desde alí, rescatalos e adaptalos ao seu texto. Sería este o caso dos nomes de

lugar que, particularmente, están conectados directa ou indirectamente co desenvolvemento migratorio dentro e fóra da península Ibérica.

Igualmente, de facermos unha utópica viaxe regresiva ata o seu presente histórico, encontrariámonos que o aspecto de conxunto do espazo xeográfico era complexo. De entrada, a disolución da división administrativa española do Antigo Réxime en 1833 supuxo, entre outras cousas, unha uniformación e unha centralización que non agradaba a todos⁴. A nova distribución do territorio en corenta e nove provincias levada a cabo por Javier de Burgos⁵, parecía un modelo territorial que, en si mesmo, estaba a omitir e non recoñecer o valor histórico dalgúns territorios non estatais.

A todo isto habería que sumarlle a posta en marcha dalgunhas políticas unilaterais, así como unha centralización administrativa e unha xerarquización burocrática, pensadas para dar un maior rendemento, e non tanto para terminar cos abusos do Antigo Réxime. De feito, a concentración de poderes que, con antelación, se producía no monarca, ademais da duplicidade de postos e de angueiras, acabaron ocorrendo na nova estrutura territorial tamén, aínda que, iso si, con nomes distintos.

Dentro deste panorama atopábase Galicia, un territorio non estatal que estaría destinado a aguantar unha situación de marxinação que viña de lonxe e que se prolongaba irremisiblemente, á parte de agravarse paseniño. Era, por tanto, conxecturable e inevitable que nunha persoa de especial

(4) Pode servir de mostra o artigo catro do Real Decreto do 30 de novembro de 1833: “Esta división de provincias no se entenderá limitada al orden administrativo, sino que se arreglarán á ella las demarcaciones militares, judiciales y de Hacienda” (*Gaceta de Madrid*, 3/12/1833).

(5) Político español nado, en 1778, en Mótril (Granada) e falecido en Madrid no ano 1849.

sensibilidade, como así parece que era Rosalía, xurdisen os sentimentos desacougantes de desprotección e menosprezo, tendo neles dous piares sólidos sobre os que fundamentar as queixas do trato inxusto que sufría Galicia, algo que como escritora combateu e denunciou a través da literatura.

Sería arriscado atribuírle a ela a creación dun meditado proxecto ideolóxico territorial conforme á presenza ou ausencia de determinados topónimos na súa produción literaria. Malia, fose consciente ou inconscientemente —máis ben, cremos que o segundo—, o manexo xeográfico que hai no prólogo, ás veces, invita a interpretar que a autora segue unha folla de ruta para opor a súa identidade territorial propia, Galicia, a outros territorios alleos, por exemplo, a Castela e, por extensión, España, porque esta última foi considerada tradicionalmente un espazo xeográfico de rango superior:

¡I estos eran quisais fillos... daquelas terras abrasadas de onde hastra os paxariños foxen!... ¿Que diremos a esto? Nada máis sinón que taes fatuidades respecto do noso país teñen algunha comparanza cas dos franceses ó falar das súas eternas vitorias ganadas ós españoles. España nunca, nunca os venceu; polo contrario, sempre saleu vencida, derrotada, homillada; (O.C., p. 490)

Moito sinto as inxusticias con que nos favorecen os franceses, pro neste momento casi lles estou agradecida, pois que me proporcionan un medio de facerlle máis palpabre a España a inxusticia que ela á súa vez conosco comete. (O.C., p. 490)

É así como o alicerce da súa empresa pasaría por pór en valor positivamente o lugar Galicia e, de maneira simultánea, facer unha caracterización negativa dalgúns nomes locativos estatais. Como conseguir isto? Á vista está que utilizando o método do contraste tanto na adxectivación coma

na descrición das paisaxes e diversificando as calidades, conforme sexa a xeografía propia ou a allea. Lograría así algo tan simple como é resaltar a distinción dunha identidade respecto doutra, ben sexa o positivo, ben sexa o negativo de ambos elementos comparados.

Esta situación descrita propicia que podamos establecer unha elemental, malia eficaz e práctica, clasificación dos topónimos que agroman no prólogo: por un lado, os lugares con valor positivo e, por outro lado, os lugares con valor negativo.

Lugares con valor positivo

Como non podería ser doutra forma, neste grupo de nomes de lugar destaca o topónimo **Galicia**, xa que logo, a identidade territorial propia desde un punto de vista subxectivo. Vexamos algúns exemplos:

[...] e casi asoman as bágoas ós meus ollos ó pensar como **Galicia** se levantaría hastra o lugar que lle corresponde si un poeta como Antón o dos *Cantares* fose o destinado pra dar a conecer as súas belezas e as súas costumes. (O.C., p. 488)

Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsedade con que fóra de aquí pintan así ós fillos de **Galicia** como a **Galicia** mesma, a quen xeneralmente xuzgan o máis desprezible e feio de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza. (O.C., pp. 488-489)

[...] eu non podo menos de indignarme cando os fillos desas provincias que Dios favoreceu en fartura, pero non na beleza dos campos, búlranse desta **Galicia** competidora en clima e galanura

cos países máis encantadores da terra, esta **Galicia** donde todo é espontáneo na natureza e en donde a man do home cede o seu posto á man de Dios. (O.C., p. 489)

¡Queira o ceo que outro máis afertunado que eu poida describir cos seus cores verdadeiros os cuadros encantadores que por aquí se atopan, inda no rincón máis escondido e olvidado, pra que así, ó menos en fama xa que non en proveito, gane e se vexa co respecto e admiración merecidas esta infortunada **Galicia**! (O.C., p. 490)

Rosalía non comprende como **Galicia**, unha xeografía exótica, fermosa, pura e poética, está tan pouco considerada no conxunto estatal español. A súa percepción particular de **Galicia** resulta ser, a todas luces, positiva. Mais tal concepción do territorio xeneralízase, ata se converter nunha reivindicación común dos galegos, ao reclamar un trato respectuoso e de aceptación no que respecta a aqueles que, non sendo galegos, pertencen a outras identidades espaciais estatais. O feito de facerse oír literariamente respecto a este tipo de asuntos, xa superada a metade do século dezanove, de facelo en **Galicia** e en lingua galega, aparenta ser un signo inequívoco de anticipación, ademais de ser unha mostra non xa de exclusividade, senón dunha certa singularidade, en particular, por ser pouco frecuente daquela.

Tamén se mencionan outros lugares que funcionan cunha significación afirmativa ao longo das liñas do prólogo. A curiosidade radicaría en que son locativos de fóra do estado español. Un deles é **Parnaso**, utilizado por Rosalía para referirse normalmente ao lugar de inspiración literaria. No caso que nos ocupa, sería adecuado interpretalo como un complemento á figura retórica da *captatio benevolentiae*, isto é, o desexo, non declarado, dunha acollida favorable da obra polo público lector:

Mais a miña infeliz patria, tan desventurada neste como en todo o máis, tense que contentar cunhas páxinas frías e insulsas, que apenas serían dinas de achegarse de lonxe ás portas do Parnaso como non fose polo nobre sentimento que as creou. (O.C., p. 488)

Outros topónimos estranxeiros tratados de maneira positiva son **Italia** e **Suíza** (Suíza)⁶. Ambos funcionarían cunha utilidade completiva no eido da apoloxía de **Galicia** que hai no prólogo, dado que se comparan en termos de igualdade coa terra galega, sobre todo, no feitío paisaxístico. Xuntamente este cotexo estaría a estimular unha apreciación máis positiva de **Galicia**, unha vez que esta non tería que envexar nada a outros territorios asociados tradicionalmente á calidade de fermosura:

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azues e serenos como os de **Italia**, horizontes nubrados e melancónicos anque sempre hermosos como os tan alabados de **Suíza**, ribeiras apacibles e sereniñas, cabos tempestuosos que aterran e admiran pola súa xigantesca e xorda cólera..., mares imensos... (O.C., p. 489)

Lugares con valor negativo

Unha observación inicial, e que convén matizar, acerca dos locativos incluídos neste epígrafe tería que ver coa circunstancia de compartir unha serie de características que reflicten a comparanza entre as paisaxes destes e o propio aspecto estético

(6) Ao longo deste traballo, respectamos a forma do topónimo que empregou Rosalía de Castro. De ser o caso, pomos entre paréntese a denominación normativa.

de Galicia. A autora tería posto os ollos naquelas xeografías estatais máis diferentes ao ámbito natural galego, unha decisión coherente, se o que se pretende é dar énfase á calidade diferencial do territorio galego respecto doutros. Por que? Coidamos que porque este proceso de oposición e de negación do *outro*, ben de belezas da natureza ou do clima, ben do mero dinamismo visual suporía, nun sentido implícito, realizar unha estimación ou unha afirmación do *propio*, ou sexa, de Galicia. Reparemos nas citas seguintes:

[...] e o máis triste desto é que “val” antre eles tan infame mentira, así como “val” pra a seca **Castilla**, pra a deserta **Mancha** e pra tódalas demais provincias de **España** —ningunha comparada en verdadeira beleza de paisaxe coa nosa— que Galicia é o rincón máis despreziable da terra. (O.C., p. 490)

Ben din que todo neste mundo está compensado, e ven así a sufrir **España** dunha nación veciña que sempre a ofendeu, a mesma inxusticia que ela, inda máis culpabre, comete cunha provincia homillada de quen nunca se acorda, como non sea pra homillala inda máis. (O.C., p. 490)

Mais eu que atravesei repetidas veces aquelas soledades de **Castilla** que dan idea do deserto; eu que recorrín a feraz **Estremadura** e a estensa **Mancha**, donde o sol cai a promo alomeando monótonos campos donde o cor da palla seca presta un tono cansado ó paisaxe que rinde e entristece o espírito, sin una herbiña que distraia a mirada que vai perderse nun ceo sin nubes, tan igual e tan cansado como a terra que crobe. (O.C., p. 489)

[...] eu que visitei os celebrados arredores de **Alicante**, donde os olivos co seu verde escuro, sembrados en fila e de raro en raro, parecen chorar de verse tan solitarios, e vin aquela famosa